

# MAREMAGNUM

publicación galega sobre os trastornos do espectro do autismo



nº 16 - 2012

*NENOS SALVAXES E  
PSIQUIATRÍA INFANTIL*



NENOS SALVAXES E PSIQUIATRÍA INFANTIL

AUTISMO GALICIA

MAREMAGNUM

 AUTISMO GALICIA

Nº 16. Ano 2012

Número Ordinario

galego/castelán

*Director*

Cipriano Luís Jiménez Casas

[ciprianoluis@menela.org](mailto:ciprianoluis@menela.org)

*Consello de Redacción*

Ana Martínez Díez

Enma Cuesta Fernández

Susana Rodríguez Blanco

Estrela Vázquez Allegue

Cipriano Luís Jiménez Casas

*Corrección Lingüística*

Secretaría Xeral de Política Lingüística e

Felicia Estévez Salazar

*Ilustración portada*

Berta Caccamo

*Edita*

AUTISMO GALICIA

Rúa Home Santo de Bonaval, 74 baixo

15703 Santiago de Compostela

Tfno. 34 981 589365

Fax 34 981 589344

E-mail: [info@autismogalicia.org](mailto:info@autismogalicia.org)

[www.autismogalicia.org](http://www.autismogalicia.org)

I.S.S.N. 1698-5966

Dep. Legal: 378-1997

*Impresión*

Difux, S.L.

## Sumario

– GALEGO –

7

Editorial

NENOS SALVAXES E PSIQUIATRÍA INFANTIL

9

DE QUE FALAMOS CANDO FALAMOS DA INFANCIA  
EN PSICOPATOLOXÍA. O NENO COMO SUXEITO

Federico Fernández Osorio

27

O NENO SALVAXE

Jean Garrabé

41

A PROBLEMÁTICA EDUCATIVA DOS NENOS SELVÁTICOS:  
O CASO DE “MARCOS”

Gabriel Janer Manila

51

O CASO VÍCTOR DE AVEYRON E OS NENOS SALVAXES

Jaume Martínez Mas / Leticia Gómez Conde

67

ENTRE A PEDAGOXÍA E A PSICOPATOLOXÍA: O NENO  
SALVAXE NO NACEMENTO DE A PSIQUIATRÍA INFANTIL

María Belén Martínez Alonso / Leticia Gómez Conde

81  
NACEMENTO DA PSIQUIATRÍA INFANTIL  
Cipriano Luis Jiménez Casas

93  
O CEO DESDE A TERRA NA OBRA DE ROSALÍA DE CASTRO  
María Pilar García Negro

109  
MULLERES, LOUCURA, ESCRITA  
Marilar Aleixandre

— CASTELLANO —

117  
Editorial  
NIÑOS SALVAJES Y PSIQUIATRIA INFANTIL

119  
DE QUE HABLAMOS CUANDO HABLAMOS DE LA INFANCIA  
EN PSICOPATOLOGÍA. EL NIÑO COMO SUJETO  
Federico Menéndez Osorio

137  
EL NIÑO SALVAJE  
Jean Garrabé

151  
LA PROBLEMÁTICA EDUCATIVA DE LOS NIÑOS SELVÁTICOS:  
EL CASO DE “MARCOS”  
Gabriel Janer Manila

161

EL CASO VICTOR DE AVEYRON Y LOS NIÑOS SALVAJES

Jaume Martínez Mas / Leticia Gómez Conde

177

ENTRE LA PEDAGOGÍA Y LA PSICOPATOLOGIA: EL NIÑO SALVAJE  
EN EL NACIMIENTO DE LA PSIQUIATRIA INFANTIL

María Belén Martínez Alonso / Leticia Gómez Conde

191

NACIMIENTO DE LA PSIQUIATRIA INFANTIL

Cipriano Luis Jiménez Casas

203

EL CIELO DESDE LA TIERRA EN LA OBRA  
DE ROSALIA DE CASTRO

María Pilar García Negro

221

MUJERES, LOCURA, ESCRITURA

Marilar Aleixandre

## O CEO DESDE A TERRA NA OBRA DE ROSALÍA DE CASTRO

María Pilar García Negro\*

Profesora da Universidade da Coruña. Escritora

### ADRO

Comecemos a aproximación por este *habitat* tan familiar aos nosos antepasados –e aos contemporáneos que aínda fan uso deste espazo–: unha especie de macro-sala de estar, na entrada da igrexa parroquial, da ermida ou da capela..., lugar de reunión habitual, nos domingos, antes e despois da misa, para a xente se ver, conversar e tratar sobre todo tipo de asuntos. A celebración dominical funcion(ab)a, pois, como pretexto para parrafeos de non pouca importancia. Que o termo estexa presente en refráns é indicativo do seu relevo: “direicho no adro”, advirte un deles. De por parte, que o étimo latino *atrium* derive nun semicultismo no noso idioma (adro-adrio) é revelador da súa frecuencia de uso, da súa naturalización como voz familiar na corrente da lingua galega, onde mantén toda a significación orixinal latina: entrada da casa, pórtico, sala...

\* A autora é Licenciada en Filosofía e Letras, sección Filoloxía Románica, subsección Hispánicas. Filoloxía Galego - Portuguesa pola USC. Profesora de Ensino Medio “Eusebio da Guarda” (1976 a 1985) e no Instituto “A Sardiñeira” (1985 a 1990) de A Coruña. Docencia en galego como lingua veicular que suponlle a apertura dun expediente, no curso 1983-1984, uns meses despois de ser promulgada a Lei de Normalización Lingüística. Catedrática en 1992 de Ensino Medio. Tese de Licenciatura en 1983 e Tese de Doutoramento na USC (1991), a primeira sobre lingua galega e lexislación lingüística coa cualificación *Apto cum laude*. Profesora Titular da Universidade da Coruña (1995), no Departamento de Galego Portugués, Francés e Lingüística. A sección “O idioma”, no semanario *A Nosa Terra*, foi a primeira no seu xénero publicada en medios de comunicación galegos. No curso 1979/1980, publica no mesmo semanario, a sección “Leccións de Literatura e Lingua”. Alén deste semanario ten colaborado noutras publicacións galegas, portuguesas, catalás, vascas e españolas. Principais libros publicados: *33 aproximacións a literatura e á lingua galega* (1984, 1990), en colaboración con Xose M<sup>a</sup> Dobarro; *O galego e as leis. Aproximación sociolingüística* (1991); *Sempre en galego* (1993, 1999); *O ensino da lingua: Por un cambio de rumbo* (1995) en colaboración con Xoán Costa Casas; *poesía galega de Valentín Lamas Carbajal* (1998); *Dereitos lingüísticos e control político* (2000); *Arredor de Castela* (2001); *Rosalía de Castro*.

De aquí o seu uso frecuente como sinónimo de “limiar” ou “prólogo”, nunha tradición paratextual que se remonta aos clásicos do Segundo Renacemento.

Utilicémolo como porta de entrada ao tema que queremos iluminar. Aclaremos axiña que non se trata dun artigo sobre a relixión-relixiosidade na obra da nosa escritora maior, Rosalía de Castro<sup>1</sup>. Se ben é certo que nela están moi presentes preguntas que remeten ao sentido etimolóxico dos substantivos mencionados (*re-ligare*: re-atar a condición humana á súa transcendencia; interrogarse sobre o seu sentido e futuro *post mortem*; interpelar á propia divindade...), o que aquí queremos considerar –máis a rentes do chao– é a condición en virtude da cal aparecen na súa obra poética os elementos supraterráneos, sexan o mesmo Deus, a Virxe, santas e santos... e, por suposto, o papel dos mediadores, isto é, da Igrexa como institución, a través dos seus ministros, dos seus dogmas e das súas prácticas. É este aspecto o que fai da nosa escritora unha heterodoxa certa, o que a estigmatizou para os benpensantes, ramo eclesiástico, o que mereceu que a zunia destes funcionase postumamente, até seis anos despois de falecida<sup>2</sup>, e, en fin, o que provocou a campaña non declarada

*El caballero de las botas azules. Lieders. Las literatas (2006); María Mariño no ronsel das escritoras galegas (2007); De fala a lingua: un proceso inacabado (2009); Sobre o racismo lingüístico (2009); O clamor da rebeldía. Rosalía de Castro: ensaio e feminismo (2010). XV Premio de Ensaio en Ciencias Sociais Vicente Risco (2010). Publicou edicións e estudos sobre Rosalía de Castro, Lamas Carvajal, Pardo Bazán, Ramón Vilar Ponte, Carvalho Calero, Marínhas del Valle, María Mariño, X. M<sup>a</sup> Álvarez Blázquez, Manuel María, Uxío Novoneyra, Marica Campo ou Pilar Pallares. Ten intervindo en numerosos simposios e congresos nacionais e internacionais sobre sociolingüística, linguas europeas non normalizadas, literatura galega e feminismo. Foi correutora da Declaración Universal de Dereitos Lingüísticos e pertence ao seu Comité Científico (Barcelona, 1996). Presidenta da Agrupación Cultural da Coruña “Alexandre Bóveda” (1983-1988). Colaboradora da Federación de Asociacións Culturais Galegas, Asociación Socio-Pedagóxica Galega, AELG, Mesa pola Normalización Lingüística, entre outras. Cofundadora do Comité español do *Bureau Europeen por les langues moins répandues* e delegada do mesmo, na Galiza (1985 a 1990). Membro da equipa de redacción da “Declaración Universal de Dereitos Lingüísticos” (Barcelona, 1996) e do Comité científico da mesma. Deputada no Parlamento Galego polo BNG de 1989 a 2003. Ensino, cultura, políticas para as mulleres, política lingüística...teñen sido as materias de atención preferente. É directora - xerente da Fundación Bautista Álvarez de Estudos Nacionalistas.*

- 1 Se tivésemos tentacións de burócrata, poderíamos titular este artigo “A xestión do sobrenatural na obra poética de Rosalía de Castro”. Estando o substantivo (xestión) tan asociado ao inclemente capitalismo, mesmo constituiría contradición non pequena aplicado a alguén que tan cedo e criticamente captou a entraña deste sistema e así o evidenciou na súa obra toda.
- 2 Vid. a documentación exhaustiva sobre o traslado dos restos mortais de Rosalía, en Maio de 1891, en FRANCISCO RODRÍGUEZ: *Rosalía de Castro, estranxeira na súa patria (a persoa e a obra de onte a hoxe)*, AS\_PG, 2011, pp. 535-550. A crónica, ocult(ada) destes feitos xa constou na súa Tese de Doutoramento (USC, Xaneiro 1988), recollida en libro, en 1988, polo mesmo selo editorial, sob o título *Análise sociolóxica da obra de Rosalía de Castro*.



–mais non por iso menos efectiva– de “recatolización” da escritora a cargo de elementos como Francisco Javier Vales Faílde ou Francisca Herrera Garrido<sup>3</sup>. Católica, como todo o mundo, por imposición “conxénita”, van ser estes escritores –nun ronsel que chega aos nosos días– os que a “recatolicen” postumamente, os especialmente empeñados en ofrecernos –contra todas as evidencias– unha Rosalía de Castro especialmente devota, ortodoxa, na fidelidade, ademais, ao seu rol de nai e esposa, que incluía, no catálogo de deberes, a condición de católica sen fenda.

Tamén non será este aspecto (formante da macrodesfiguración a que foi submetida) o que tratemos aquí. Si faremos un pequeno paseo –tal e como indicámos– polo aparecemento de determinados elementos celestiais, pola humanización non casual que dalgúns deles se fai e, en fin, por como contribúen decisivamente a arredondar o perfil singularísimo da fundadora da literatura galega contemporánea. Debemos advertir decontado que o noso exame céntrase nas tres obras poética maiores: *Cantares gallegos* (1863); *Follas novas* (1880); *En las orillas del Sar* (1884), pois a consideración da súa fecunda e densa narrativa sobardaría os xa obrigados límites desta aproximación. E continuándonos co imaxinario vinculado ao espazo físico do tempo, farémolo valéndonos de varios dos seus elementos característicos.

### **A fachada. O altar**

Naturalmente, o elemento nuclear de máis frecuente aparición é a figura superior do propio Deus, non nesta súa forma xenuína, senón na castelanizada “Dios” asentada xa firmemente no galego daquela. Non por casualidade, claro está. É reveladora esta castelanización popular do dominio do idioma oficial do Estado sobre a lingua nacional, dominio de que foi correa de transmisión –das máis eficaces– a Igrexa Católica, a través de varios mecanismos moi presentes na sociedade galega: o seu papel de catalizador das relacións sociais (a xente vese no adro: lávase, alféinase e veste a mellor roupa para acudir á misa; para ver e ser vista; arranxar negocios; conversar; concertar falas amorosas etcétera); a obrigatoriedade indiscutíbel das súas prácticas; o seu poder efectivo, non só como autoridade moral senón como efectivo poder económico e político; a súa condición de chanzo principal de elevación social para os varóns das clases populares con capacidade económica como para pagar os gastos do Seminario Diocesano e poderen acceder así ao sacerdocio, asegurando rendas para o futuro e fuxindo do aborrecíbel traballo da terra.

3 Vid. GARCÍA NEGRO, María Pilar: “Estudo introdutorio”, en ROSALÍA DE CASTRO: *El caballero de las botas azules. Lieders. Las literatas*, Sotelo Blanco Edicións, Santiago de Compostela, 2006.

É así como a profisión eclesiástica se constitúe nun dos axentes principais da asimilación lingüística, da imposición do idioma oficial, de garantir que as vítimas actúen como capataces e de favorecer a substitución do galego polo español. Este proceso vai en paralelo ao da deturpación onomástica, que conleva a castelanización forzosa de topónimos e antropónimos e ambos se funden no desaparecemento da circulación popular ou, como mínimo, na postergación, tanto de nomes tradicionais (Minia, Comba, Paio...) como na españolización das figuras celestiais, Deus en primeiro lugar. A castelanización non *pertence*, pois, á escritora: *pertence á sincronía da lingua que ela escribeteu e dignificou e por iso aparecerá igualmente (como o nome “galego”, por galego, sinal da marca a ferro da erradicación até do propio xentilicio) en Pondal, Curros ou Lamas Carvajal*<sup>4</sup>.

Deus será o recurso de máxima lexitimación, como Creador, para ponderar a beleza e riqueza da Galiza, así como para denunciar a xenofobia proxectada contra ela:

[...] *eu non podo menos de indignarme cando os fillos desas provincias que Dios favoreceu en fartura, pero non na beleza dos campos, búlranse desta Galicia competidora en clima e galanura cos países máis encantadores da terra, esta Galicia onde todo é espontáneo na natureza e en donde a man do home cede o seu posto á man de Dios (prólogo de Cantares gallegos).*

É a invocación que o eu lírico do explosivo poema “Castellanos de Castilla”, a muller galega que chora e denuncia a morte do seu mozo, do seu amante, na emigración, nun dos mellores poemas que se teñan escrito endexamais onde se combine con tal mestría a cantiga de maldizer e a elexía:

*Triste como a mesma noite, / farto de dolor o peito, / píddolle a Dios que me mate, / porque xa vivir non quero. / Mais en tanto non me mata, / castellanos que aborreso, / hei, para vergonza vosa, / heivos de cantar xemendo: / ¡Castellanos de Castilla, / tratade ben ós gallegos; / cando van, van como rosas; / cando vén, vén como negros!*

É, en fin, o último recurso, o porto-refuxio dunha esperanza, cancelada na terra, e que se dirixe a Deus como compensación: *Galicia, ti non tes patria, / ti vives no mundo soia, / i a prole fecunda túa / se espalla en errantes hordas, / mentras triste e solitaria / tendida na verde alfombra / ó mar esperanzas*

4 Fágase a seguinte comprobación no dicionario de D. Eladio Rodríguez González: a entrada “Deus” ocupa doce liñas e inclúe un só refrán: “Alá me leve Deus, onde ache dos meus”. A voz “Dios” ocupa case oito grosas columnas, con abundantísima paremioloxía. Naturalmente, a castelanización deste nome conleva a do saúdo “adeus”, naturalizado como “adiós” en toda a literatura do XIX. Cómpre agardar á literatura do Segundo Renacemento para que se recuperen as formas xenuínas.

*pides, / de Dios a esperanza imploras* (do poema de CG [*Cantares gallegos*] “A gaita gallega”. “Resposta ao eminente poeta D. Ventura Ruiz de Aguilera”<sup>5</sup>).

Deus é muro das lamentacións, é recurso de apelación cando a xustiza humana non funciona ou non existe, mais o talismán non responde ou non dá baixado á terra. Tal que así no poema “A xusticia pola man”, do que non se ten ponderado abondo a súa ubicación no segundo libro de *Follas novas*, “¡Do íntimo!”, ao igual que o seu carácter singularísimo no contexto das literaturas europeas do século XIX (existe tradución ao español da man da propia autora). No impresionante alegato de defensa que compón a vítima, explicación cabal do crime que vai cometer, acode á xustiza terrenal, que non só non lle vale senón que se mofa dela. Acode á divindade: — *Bon Dios, axudaimé – berrei, berrei inda... / Tan alto que estaba, bon Dios non me oíra*. É daquela cando perpetra o crime, a morte dos matadores dela e de seus fillos, con todas as agravantes coñecidas: nocturnidade, aleivosía e premeditación. Mais a xustiza se cumpriu: *eu, neles; i as leises, na man que os ferira*. E a xustiza poética existe e triunfa nun poema sen parangón posíbel e, aínda por cima, publicado nunha obra submetida (1880) a todas as censuras da Restauración debidamente reimplantadas desde 1874.

¿El será casualidade que o poema que figura a seguir do que acabamos de recordar utilice a figura divina como garante de segredos inconfesábeis? Coi damos que non. O poema, sen título, reza así: *Dios puxo un velo enriba / dos nosos corazóns, / velo que oculta abismos / que El pode ollar tan só. / Cando eu penso o que viran / no que adorando estou / humilde e de rodillas / cal se adora al Señor, / si este velo caíse / de repente antre os dous, / tembro..., e incrinando a frente / digo: “¡Que sabio é Dios!”*. Un Deus, por tanto, á medida da nosa psique, notario ou confesor que non vai revelar nunca a magnitude dos “abismos” (afectos, desexos, sentimentos inadmitidos socialmente...) que son indeclarábeis, por seren “pecados” no mundo das forzas vivas, xuíces civís e eclesiásticos, fiscais inmisericordes da conduta humana, moito máis, claro está, no caso dunha muller tan reiteradamente “desviada” como Rosalía de Castro.

Tamén non se subliñou dabondo a íntima relación (pergunta / resposta) que gardan os dous poemas que cerran o segundo libro de FN [*Follas novas*] a que pertencen os poemas que acabamos de evocar. O penúltimo comeza con esta estrofe: *¿Por qué, Dios piadoso, / por que chaman crime / ir en busca da morte que tarda, / cando a un esta vida / lle cansa e lle afixe?* En visión existencialista-materialista, a escritora considera que o inferno xa está neste mundo para

5 Nótese a semántica diferenciada que marca o uso do plural e do singular da mesma palabra: “esperanzas” concretas que se peden da emigración / “esperanza” de vida, xeral, a que se roga que Deus conceda.

quen o padece, e interpela directamente os que del usan como ameaza: *ou deixade un inferno tan soio / de tantos que eisisten, / ou si non, Dios santo, / ¡piedade dos tristes!* Todas as interrogacións que a autora enuncia neste poema van ter o seu corolario estremecente no poema final, “¡Soia!”, onde o suicidio, en sobria crónica, aparece referido, con comprensión humana para a suicida e crítica implícita para as autoridades eclesiásticas que expulsan do camposanto os que se quitan a vida, re-matando así, en duplo castigo, a morte da infeliz: *Eran clarol-os días, / risoñal-as mañás, / i era a tristeza súa / negra coma a orfandá. / Íñase á mañecida, / tornaba coa serán...; / mais que fora ou viñera / ninguén llo iña a esculcar. / Tomou un día leve / camiño do areal... / Como naide a esperaba, / ela non tornou máis. / Ó cabo dos tres días, / botouna fóra o mar, / i alí onde o corvo pousa, / soia enterrada está.* Velaí a vítima maiúscula convertida en heroína anónima, sen a sorte do profeta Xonás que pasou á historia por ser devolvido á terra, tres días despois de ser engolido por unha balea, ou, aínda, de Xesús resucitado ao cabo dos tres días. Ela, expulsada da compañía dos outros finados, no cemiterio católico, por prescrición eclesiástica, só merece a compañía do corvo, notario da morte no areal.

É perfectamente seguíbel, na (re)leitura das tres grandes obras poéticas que tomamos como referencia, unha evolución a respecto da divindade que podería resumirse así: Deus creador, amparo dos humildes; Deus interpelado por consentir a inxustiza humana; Deus, en fin, mudo e inexistente, urxido a devolver unha fe que se perdeu. Tal é a perspectiva da obra derradeira, *En las orillas del Sar* [EOS]. No poema (“Era apacible el día”) dedicado á morte do seu fillo, o pequeno Adriano, conclúe: *Nada hay eterno para el hombre, huésped / de un día en este mundo terrenal / en donde nace, vive y al fin muere, / cual todo nace, vive y muere acá.* Procúrase encarecidamente a consolación, mais ela non aparece. No poema seguinte, o eu lírico, claramente confisional, declara: *impía acaso, interrogando al cielo / y al infierno a la vez, tiemblo y vacilo.* É daquela cando pede: [...] *Señor, entonces, / piadoso y compasivo / vuelve a mis ojos la celeste venda / de la fe bienhechora que he perdido.* Mais só existe o silencio –*Silencio siempre-* como resposta. O ser humano está abandonado ás súas propias forzas, ao reino da soidade absoluta: *Desierto el mundo, / despoblado el cielo, / enferma el alma y en el polvo hundido / el sacro altar en donde / se exhalaron fervientes mis suspiros, / en mil pedazos roto / mi Dios, cayó al abismo, / y al buscarle anhelante, solo encuentro / la soledad inmensa del vacío.* Vai ser a beleza e a dozura dos anxos a que console a alma enferma, mais non para anestesiarse ou edulcorar aquela perda da fe, senón para corroborar o inútil da súplica: *“Pobre alma, espera y llora / a los pies del Altísimo; / mas no olvides que al cielo / nunca ha llegado el insolente grito / de un corazón que de la vil materia / y del barro de Adán formó sus ídolos”.* Con efecto, ao igual que en “A xusticia pola man”, Deus está demasiado arriba...

Volverá aparecer a mesma idea no poema en catro partes “Santa Escolástica”, de EOS. A poeta, absorta nas súas meditacións, acompañaas dun paseo por Compostela, *Ciudad extraña, hermosa y fea a un tiempo, / a un tiempo apetecida y detestada*, antes de chegar ao imponente templo de San Martiño Pinario, onde se encontra o altar dedicado á santa que dá título ao poema. Eis o seu monólogo interior: “*¡La gloria es humo! El cielo está tan alto / y tan bajos nosotros, que la tierra / que nos ha dado volverá a absorbernos. / ¡Afanarse y luchar, cuando es el hombre / mortal ingrato y nula la victoria! / ¿Por qué, aunque haya Dios, vence el infierno?*”<sup>6</sup>. Toda a carga de desolación e de dor que arrasta a poeta na súa particular peregrinaxe compostelana alíviase ao entrar no templo mencionado, onde o silencio só é rompido pola música do órgano e acompañado do arrecendo do incenso e da cera. Camiña sabiamente o poema, nun itinerario de sinestesias, cara á terapia final: o eu lírico encamiñase ao altar que ten como centro a figura da santa, en éxtase, amparada e protexida por un anxo (claramente andróxino) de radiante e sensual beleza. E é aquí onde o *milagre* se produce: *Todo cuanto en mí había de pasión y ternura, / de entusiasmo ferviente y gloriosos empeños, / ante el sueño admirable que realizó el artista*<sup>7</sup>, */ volviendo a tomar vida, resucitó en mi pecho*. Non é só bálsamo curativo: é un auténtico despertar á vida e á paixón amorosa<sup>8</sup>: *Sentí otra vez el fuego que ilumina y que crea / los secretos anhelos, los amores sin nombre, / que como al arpa eólica el viento, al alma arranca / sus notas más vibrantes, sus más dulces canciones. Y orando y bendiciendo al que es todo hermosura, / se dobló mi rodilla, mi frente se inclinó / ante Él, y conturbada, exclamé de repente: / “¡Hay arte! ¡Hay poesía...! Debe haber cielo. ¡Hay Dios!”*. Deus, por tanto, como corolario ou como cifra da apoteose da beleza e da sensualidade que inspira un conxunto escultórico como o da santa e o anxo, que desprende, con efecto, erotismo a mancheas. Esta percepción sería, xa que logo, o antídoto contra a dúbida xigante, tal e como aparece nun poema anterior, “Los tristes”: *Cuando de un alma atea, / en la profunda obscuridad medrosa / brilla un rayo de fe, viene la duda / y sobre él tiende su gigante sombra*. Os orfos, os marxinados, seguen sen poder contar coa axuda divina: *Para el desheredado, solo hay bajo el cielo / esa quietud sombría que infunde la tristeza*. De novo a poeta solicita comprensión para os que se deciden a clausurar de vez a súa propia vida:

6 Este verso correspóndese á edición príncipe e, por tanto, á vontade autorial. Na segunda edición, sob a responsabilidade de Murguía e de Prudencio Canitrot, foi mudado por: “¿Por qué, ya que hay Dios, vence el infierno?”. Sen comentarios...

7 Por certo, un insigne escultor galego, José Ferreiro (Noia, 1738-Hermisende, 1830), autor de magníficos retábulos e conxuntos escultóricos por toda a Galiza, entre eles varios de San Martiño Pinario.

8 Imprescindíbel a lectura do subcapítulo “A paixón amorosa desbordante”, no volume de Francisco Rodríguez (2011) citado en n. 2, onde o autor rexista a semellanza entre o sintagma “amores sin nombre” e o “amor que non ousa dicir o seu nome”, de Oscar Wilde: pp. 673-675.

*Dichosos mortales a quien la fortuna / fue siempre propicia... ¡Silencio!, ¡silencio!, / si veis tantos seres que corren buscando / las negras corrientes del hondo Leteo.*

Como se pode comprobar –mesmo a través desta incursión tan breve e esquemática-, a relixiosidade da autora non se corresponde en absoluto con nengunha versión da ortodoxia reinante. É, sen dúbida, representante dunha heterodoxia –e, con toda probabilidade, dunha heteropraxe– particular, no exercicio dunha independencia de criterio, liberdade de expresión, fondura filosófica e densidade afectiva que fan dela poeta única, no tratamento desta temática, en todo o panorama do XIX. Mais, como veremos axiña, a súa carga de orixinalidade e especificidade non se extingue coa interpelación á divindade que vimos de ver. É poliedro de varias faces máis, a que nos referiremos, sequer sexa sumariamente.

### **A sanscristía. A igrexa por dentro**

Na sanscristía, o oficiante, rematada a cerimonia relixiosa, desvéstese e retorna ao indumento que dá conta da súa condición sacerdotal. Nela, tamén se gardan e custodian documentos, pezas da xoiaría sacra e, aínda, diñeiro en metálico. Entremos, pois, neste *habitat* da man da escritora. A moza de 21 anos que irrompera na mitoloxía bíblica con aquel explosivo manifesto, en prosa poética, “*Lieders*” (1858), onde, á maneira do anxo rebelde, profere o seu *Non serviam!* particular, vai dar, na súa obra de madurez, probas contundentes da súa crítica radical ao aparato institucional-xerárquico da Igrexa Católica. Farao, en ocasións, apelando a un dos seus procedementos retóricos característicos: o humor, envolvido á mantenta en popularismo expresivo. Tal acontece no poema “*De balde...*” (de novo, e non por casualidade, no segundo libro de FN, “*¡Do íntimo!*”), onde aflora a crítica inmisericorde á venalidade eclesiástica, á simonía institucionalizada, ao lucro organizado desde a Igrexa arredor da morte: *Cando me poñan o hábito, / si é que o levo; / cando me metan na caixa, / si é que a teño; / cando o responso me canten, / si hai con que pagarlle ós cregos, / e cando dentro da cova... / ¡Que inda me leve San Pedro / se só ó pensalo non río / con unha risa dos deños! / Que enterrar, han de enterrarme / aunque non lles diñeiro...!*<sup>9</sup>.

9 Por certo, non deixa de ter carácter premonitorio, a respecto dela mesma, este poema. Onde, no seu primeiro sepelio, foi enterrada a escritora, é un lugar do cemiterio de Adina, achegado a un dos seus muros, ben pequeno e sen monumento de ningún tipo. A instancias da Fundación que leva o seu nome, recórdao unha pequena lápida, testemuño da humildade do enterramento, antes de os seus restos mortais seren trasladados a San Domingo de Bonaval. Aínda hoxe contrasta coa magnificencia doutras tombas e pan-teóns. Sabía ben de que falaba...

Admira a valentía da autora para entrar de cheo en temas de grande relevo político e eclesiástico na altura, como o debate sobre a posibilidade do matrimonio civil como alternativo ou complementar ao matrimonio canónico. No sexenio revolucionario, aquel existiu (Curros Enríquez fixo uso del e casou polo civil en 1871) mais a Restauración, como é sabido, aboliu todas as leis aperturistas ou modernizadoras do período político que cancelou *manu militari* en Xaneiro de 1874. A nosa escritora, tamén en FN (neste caso, no terceiro libro, “Varia”), pon o dedo na ferida ao sinalar a contradición evidente derivada de estaren os axentes da imposición do matrimonio canónico como única posíbel imposibilitados, por prescrición do seu sacerdocio e / ou dos seus votos, de contraíren matrimonio<sup>10</sup>. De modo e maneira que, como a autora sinala no poema que a seguir reproducimos, a Igrexa Católica institúe o matrimonio como sacramento obrigado (por certo, o único onde o ministro non é o crego senón os que casan, sendo o sacerdote notario do compromiso), mais os “santos padres” ben que se abstiveron de practicalo: imponen o que, por norma, descoñecen; imposición para a masa, abstinencia para a aristocracia eclesiástica.

Asemade, a escritora deseña un retrato do matrimonio (unha muller *dixit!*) como a “pesada cruz” (recordación da de Cristo no seu calvario), ao mesmo nivel que o “dogal” con que se atan animais domésticos, efectivo xeito e eficaz imaxe de subliñar o trato como obxecto ou como mercadoría, como “burra de carga”, da muller no matrimonio tradicional e maioritario. O remate humorístico-popularístico do poema non deixa de incidir na razón material da continuidade matrimonial: achego físico, afectivo e, como non, económico. Nótese, ademais, a ambigüidade do primeiro verbo, “decides”, tanto aplicábel a unha 5ª persoa como a unha 2ª co tratamento de respeito, así como a interpección directa ao sacramento: “tes”, “alabas”, “es”: *Decides que o matrimonio / é santo e bueno. Seráio; / mais non casou San Antonio, / por máis que o mesmo demonio / tentouno a facel-o ensaio. / Celicios, cantos poder; / penitencias, a Dios dar; / mais santo n’houbó, a meu ver, / que dos casados quixer / ca pesada cruz cargar. / Nin os santos padres todos, / de quen tes tantos escritos / e alabas de varios modos, / quixeron naqueses lodos / meter os seus pés benditos. / Do dereito, do rivés, / matrimonio un dogal es; / eres tentazón do inferno; / mais casarei..., pois no inverno / ¡non ter quen lle a un quente os pés...!* Non se perda de vista, aliás, o facto de a escritora non se ter referido nunca en termos positivos ao matrimonio como institución no conxunto da súa

10 Por certo, os cregos fan promesa de celibato; os frades de ordes relixiosas, voto de castidade. Tal diferenza pode resultar indiferente á hora de procuraren relacións sexuais fóra desta prescrición, claro está, mais non oculta que, no caso dos sacerdotes, a prohibición histórica de contraíren matrimonio está relacionada coa propiedade e non exactamente co sexo.

obra e si a desvendar, desde unha óptica feminina, as razóns da súa “obrigatoriedade”<sup>11</sup>, coas particularidades específicas de clase que posúe nuns casos e noutros, como ben rexista toda a súa narrativa.

### **O Revival de Anás e Caifás. A Asociación Cristolóxica**

Voltamos ao segundo libro de FN, “¡Do íntimo!”. O quinto dos poemas deste libro, “Na Catedral”, vén ser a mellor crónica poética da inmensa sé compostelana, sempre desde un eu lírico-autorial que vai unindo sentimentos persoais a imaxes, sons e evocacións de toda a iconografía do templo. Nunha sucesión realmente “cinematográfica” de fotogramas consecutivos, van desfilando vellos e vellas en oración; os arcebispos nos seus sepulcros; reis e raíñas na catedral coroados como tais; os cegos no coro; a música do órgao; a imaxe do Redentor nos prolegómenos do seu martirio; santos e apóstolos; os músicos do Pórtico da Gloria; o inmortal Mestre Mateo, o popular santo dos croques<sup>12</sup>; a Gloria e mais o inferno, coas súas aterrorizantes figuras; de novo, a imaxe dos vellos e vellas que pregan a Deus remedios que o mundo non dá e, afinal, a cómplice-irmá do eu lírico: *Ós pés da Virxen da Soledade /—¡de moitos anos nos coñecemos!— / a oración dixen que antes dicía, / fixen memoria dos meus sacretos, / para mi madre deixei cariños, / para os meus fillos miles de beixos, / polos verdugos do meu esprito / recei... ¡e funme, pois tiña medo!*

Sobre as figuras celestiais que son prolongación da filoxinia da autora falaremos no seguinte capítulo, mais agora chamamos a atención sobre o sintagma “verdugos do meu esprito”, que, sintomaticamente, aparecen neste paseo pola catedral compostelana, provocando a saída da relatora, tal é o medo que

11 (Re)léase o poema “San Antonio bendito” de CG, que chegou a aparecer estupidamente en libros de texto como a expresión dos desexos dunha “solteirona” por casar (¡!). Nel, quen fala é unha rapaza nova, sen pais, cun irmaución ao seu cargo, que lle pede ao santo avogoso dos matrimonios na tradición popular un home que a axude a saír adiante, porque, sempre (ironía da autora), “sempre é bo ter un home / para un remedio” (xustiza poética: a tantas veces cousificada muller devolve a xogada, asociando a frase feita ao home, cando é común aplicala a unha cousa útil que en previsión se debe ter: un candil, unha candeia, un reposto dun alimento ou un aforro para gastos imprevistos...). No poema, incrivelmente mal lido, o eu lírico –a rapaza, como dixemos, responsábel monoparental, sen medios económicos ao seu dispor–, pede axuda ao santo, sen esquecer mencionar o mozo que satisfai o seu ideal erótico, mais este, de quen ela está namorada, “de amoriños entende, / de casar pouco”. Máis unha vez, como dixemos, fica á vista a razón material da institución matrimonial. Véxanse tamén os poemas “Xan” e “Tanto e tanto nos odiamos”, do libro cuarto, “Da Terra”, de FN.

12 Nada a ver, como Rosalía sabía moi ben, “croques” con golpes ou petas na pedra, como instaurou unha tradición equivocada. “Croques” (os crustáceos con ondulacións na súa cuncha) é a metáfora popular dos cabelos ondulados ou rizados, tal e como Mateo esculpiu a Santiago e como aparece en abundante iconografía do apóstolo. Di Rosalía: *Mais co eses vosos cabelos rizados, / santo dos croques, calás... i eu rezo*. Como “croque” tamén significa bulto na cabeza por un golpe dado na pedra, por exemplo, de aí a práctica ritual, mais “santo dos croques” é polo seu cabelo.



Ile producen, por moito que antes rezara por eles, á maneira do Cristo que perdoo a quen o ofende. Repárese en como a mesma expresión do medo aparece antes, indiciariamente, xusto cando a poeta se sente observada polas figuras terroríficas do inferno: *¡Como me miran eses calabres / i aqueles deños! / ¡Como me miran, facendo moecas / dende as columnas, onde os puxeron! / ¡Será mentira, será verdade! / Santos do ceo, /*

*¿saberán eles que son a mesma / daqueles tempos...? / Pero xa orfa, pero enloitada, / pero insensibre cal eles mesmos... / ¡Como me firen...! Voume, si, voume, / ¡que teño medo!* Exactamente a mesma frase, que reaparece cando ao acordo lle veñen os “verdugos” do seu espírito, o poderoso estamento catedralicio, auténtica autoridade na levítica Compostela, *cancerberos* da moral, da orde política conservadora, dos bons costumes e persecutores de toda discrepancia, máxime se quen protagoniza a disidencia é unha muller, claro está.

É significativo que o derradeiro poema de “Varia”, que cerra, por tanto, este terceiro libro de FN, a chavella entre os dous primeiros (o percurso do eu) e os dous últimos (a camiño de fusión do eu co universo galego), poema que comeza “Tembra un neno no húmido pórtico...”, supoña tamén unha rotunda diatriba contra a hipocrisía, cinismo, fariseísmo... dos practicantes oficiais da relixión católica que entran e saen da catedral tendo ao seu lado, desprezándoo, a viva imaxe do necesitado, prostituíndo así aquela mensaxe evanxélica en que Xesús pedía bon trato para os pequenos (“o que recibe este neno no meu nome recíbeme a min”: Lucas, 9, 46-50). O pequeno, cal “can sin palleiro nin dono”, está morto de frío e de fame, “farrapento e descalzo”: *E mentras que el dorme, / triste imaxen da dor i a miseria, / van e vén ¡a adoraren ó Altísimo!, / fariseios!, os grandes da terra, / sin que ó ver do inocente a orfandade / se calme dos ricos a sede avarienta.* Son o albo da durísima crítica rosaliana: os grandes da terra, os “honrados na vila” de “A xusticia pola man”, os “hipopótamos” da novela *Ruinas* (1866), os insaciábeis na súa acumulación de riquezas, tan grosos e orondos na súa abundancia que non deixan espazo para os demais respiraren...

O poema remata coa coñecida invocación a un Deus que non responde preguntas tan angustiadas e angustiosas: *O meu peito ca angustia se oprime. / ¡Señor! ¡Dios do ceo! / ¿Por qué hai almas tan negras e duras? / ¿Por qué hai orfos na terra, Dios boeno? / Mais n'en vano sellado está o libro / dos grandes misterios... / Pasa a gloria, o poder i a alegría... / Todo pasa na terra. ¡Esperemos!* Xa nos decatamos de que esas “almas tan negras e duras” son as que se empregaron ben a fondo para, primeiro, penalizar e castigar Rosalía de Castro e, despois, para admitir que se reconverteuse, como devota católica, na antítese do que fora e escribera. Dupla morte civil, en fin: en vida e *post mortem*.

Mais aínda coñeceremos, nun poema de EOS, a peza literaria máis acabada da crítica á xerarquía da Igrexa Católica e ás súas decisións tiránicas, como pou-

